

2014

Xunta de Galicia

**[PLAN DE MELLORA DA  
CONTRATACIÓN PÚBLICA  
2014-2016]**

## 1- INTRODUCCIÓN

Acreecentar as capacidades do sector público autonómico – cunha xestión moderna que responda aos principios de transparencia, eficiencia e efectividade e e que estea plenamente comprometida coas demandas e esixencias da cidadanía – é un reto continuo que esixe compromisos renovados.

Nese marco, cobran especial importancia os impulsos por incrementar a eficiencia global das administracións públicas – incidindo na adaptación de estruturas, na redución do gasto corrente, na mellora da coordinación, no aproveitamento das economías de escala e na eliminación de duplicidades – de xeito que os recursos que se liberen poidan destinarse a reforzar a calidade dos servizos públicos esenciais. E tamén todas aquelas iniciativas destinadas a simplificar e reducir tempos de tramitación, suprimir cargas e apostar por unha administración próxima e orientada ás novas tecnoloxías.

Dende 2009 o Goberno galego ten emprendido un conxunto de reformas que avanza nesa dirección. Así, cabe destacar o proceso de simplificación de estruturas acometido no ámbito da Administración xeral, cunha redución do número de consellerías, dos gastos en persoal eventual e de asesoramento, e na implantación dun novo modelo de administración periférica.

En paralelo, a Xunta de Galicia impulsou plans de avaliación e racionalización dos entes instrumentais dependentes da Administración autonómica, e procedeu á homologación das retribucións do seu persoal directivo. Unha tarefa á que se suman as limitacións na creación de novos organismos públicos e a xeneralización das auditorías periódicas, previsións incluídas na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

Igualmente leváronse a cabo plans de aforro nos edificios administrativos e unha estratexia integral para a redución do gasto en alugueiros e sedes administrativas.

Pola súa banda, en 2010 procedeuse á modificación de ata 24 leis autonómicas, para substituír as licenzas previas por declaracións responsables, a través da Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior. Posteriormente, a Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia estendería este réxime á meirande parte das licenzas municipais.

O primeiro Plan de Modernización da Administración Pública de Galicia e o Decreto 198/2010, de 2 de decembro, que regulou a administración electrónica na nosa Comunidade, supuxeron, entre outros avances, a creación da sede electrónica, o rexistro electrónico e o cartafol do cidadán.

O desenvolvemento destes instrumentos foi un paso fundamental na consecución dunha administración máis moderna, co impulso da sinatura electrónica, unha maior interoperabilidade entre administracións e un avance indiscutible na redución de trámites para cidadanía e empresas e na minoración dos tempos de resolución dos procedementos administrativos.

Na consolidación destes procesos, a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, así como o Plan Achea de Axilización Administrativa introduciron previsións expresas sobre simplificación e avaliación de tramites administrativos.

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Consellería de Facenda son conscientes de que a actividade contractual das administracións públicas representa un ámbito de acción determinante nese dobre obxectivo de acadar unha administración máis eficiente no uso dos recursos públicos e máis aberta, entendible e simplificada dende o punto de vista da relación cos cidadáns/ás e as empresas.

En efecto, este ámbito absorbe un importante volume de recursos públicos e centra unha elevada porcentaxe dos expedientes administrativos, ademais de presentar un indubidable efecto de estímulo económico, de activación do tecido empresarial e de impulso ao proceso de recuperación económica.

É por iso que entenden que as melloras no ámbito da contratación pública deben ter unha presenza relevante dentro do esforzo xeral de modernización e optimización do funcionamento da administración autonómica galega, o que xustifica a súa incardinación nun plan propio que se aprobará a iniciativa conxunta de ambos departamentos.

O presente Plan de Mellora da Contratación Pública 2014-2016 aséntase na consecución duns obxectivos compartidos que implican á administración, ao tecido empresarial e ao conxunto da cidadanía. Do que se trata é de acadar unha maior eficiencia e un maior aforro para a administración na contratación de servizos, obras e subministracións e unha redución dos trámites para o contratista, garantindo os pagamentos en tempo e forma, a concorrencia entre ofertas e a elección da mellor. En definitiva unha optimización no uso dos recursos públicos.

## 2- ANTECEDENTES

En liña coa importancia da actividade contractual como panca de reforma administrativa, e como estímulo para o tecido produtivo e empresarial, con anterioridade á posta en marcha do presente Plan, a Xunta de Galicia levou a cabo unha serie de melloras neste ámbito, sendo as actuacións máis salientables as seguintes:

### 2.1 O Decreto sobre medios electrónicos na contratación pública

Un dos primeiros obxectivos da Consellería de Facenda en 2009 foi facerlle fronte ás deficiencias existentes no procedemento de tramitación de facturas. A práctica imposibilidade de coñecer o tempo transcorrido dende a entrada dunha factura ata o seu pagamento afectaba non só á eficiencia da administración senón á liquidez de moitos provedores.

Froito desa prioridade, menos dun ano despois da toma de posesión do goberno, en xaneiro de 2010, a Xunta aproba o *Decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula a factura electrónica e a utilización de medios electrónicos, informáticos e telemáticos en materia de contratación pública da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e antes do sector público dela dependentes*.

Esta norma deu pé á posta en marcha de:

- A Plataforma de Contratos Públicos de Galicia, regulada a través da *Orde do 4 de xuño de 2010 pola que se regula a Plataforma de Contratos Públicos de Galicia*. A activación desta plataforma permitiu pendurar en internet, a disposición de todos os contratistas, cidadáns e cidadás, toda a información e documentación sobre as licitacións sometidas á normativa estatal de contratos, contribuíndo a aumentar a concorrência e a transparencia nos procedementos.
- O Sistema de Licitación Electrónica (SILEX), desenvolto mediante a *Orde do 28 de xullo de 2010 pola que se aproba o Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia e se regula o seu procedemento*. O SILEX permite aos licitadores tramitar o procedemento de contratación a través de medios electrónicos, co conseguinte aforro e axilización.
- O Sistema Electrónico de Facturación, concretado na *Orde do 12 de febreiro de 2010 pola que se regulan os procedementos do sistema electrónico de facturación da Xunta de Galicia*. Este sistema, ademais de permitir un rexistro de facturas único e centralizado, capaz de mellorar as necesidades de tesourería e planificar os pagos da administración autonómica, eliminou a discrecionalidade existente anteriormente ao establecer a orde de tramitación das facturas. O sistema introduciu ademais unha nova dose de transparencia aos provedores, que poden coñecer en todo momento o estado no que se atopan as súas facturas.

O Decreto 3/2010, de 8 de xaneiro, supuxo un notable avance. Proba de elo é que a Plataforma de Contratos Públicos de Galicia (PCPG) tense convertido na segunda páxina máis visitada no dominio xunta.es (só superada pola consulta do DOG), o que a converte nunha ferramenta moi valorada para o coñecemento e seguimento dos procedementos contractuais en curso e mesmo para que as PEMES coñezan posibilidades de negocio co sector público e acceda facilmente ás licitacións.

Dende a Plataforma, os empresarios poden acceder á consulta de anuncios de información previa, das licitacións en curso, das adjudicacións máis recentes, de documentación de interese (pregos, datas de apertura, publicacións noutros medios, etc) ou dos puntos de contacto e formas de comunicarse cos órganos de contratación adheridos, que xa superan as dúas centenas.

En relación ao sistema de licitación electrónica (SILEX), a través do que se poderán presentar as ofertas por vía telemática, cabe indicar que, despois un período dun ano de proba no CIXTEC, atópase actualmente en fase de implantación nas primeiras consellerías, téndose previsto anticiparse á previsión temporal establecida na nova directiva europea de contratación, que esixe dispor dun sistema electrónico de presentación de ofertas antes do 18 de abril de 2018.

Por último, respecto ao Sistema Electrónico de Facturación (SEF), se no seu momento se estableceu como obxectivo garantir o pago das facturas nunha media de 45 días, os últimos datos elevados pola Consellería de Facenda ao Consello da Xunta en xaneiro de 2014 indican que o prazo medio de pago das facturas da administración autonómica durante o ano 2013 foi de 26,8 días.

Esta mellora dos tempos vai unida á extensión da utilización da factura electrónica. Se en abril de 2010, dous meses despois da súa posta en marcha, o importe tramitado a través de factura electrónica supoñía un 9,37% do importe de facturación total da Xunta de Galicia, os últimos datos elevados pola Consellería de Facenda ao Consello da Xunta en xullo de 2013, elevan ese importe ata o 44%.

Co desenvolvemento do sistema de factura electrónica, Galicia converteuse en pioneira, sendo a primeira comunidade autónoma en implantar un sistema que aínda non existe en máis da metade das comunidades autónomas e que está a dar os seus primeiros pasos na administración xeral do Estado.

Un sistema que ten sido mellorado recentemente con novas funcionalidades como a posibilidade de presentar as facturas por correo electrónico e que ten suposto indubidables vantaxes e comodidades tanto para a administración como para os provedores, ademais de acadar un aforro de 3,5 euros por cada factura que se tramita electronicamente en lugar de en papel.

Todo isto permitiu dar un salto na transparencia, nas posibilidades de concorrencia e na axilidade dos procesos. Hoxe todas as empresas poden coñecer en tempo real todas as ofertas da Xunta, poden acceder en igualdade de condicións á documentación necesaria e, a través da xeneralización da factura electrónica, poden axilizar os procesos, o que permite que Galicia sexa unha das comunidades autónomas cunha menor demora no pago aos seus provedores.

## 2.2 O fomento da contratación centralizada

A Xunta de Galicia ven impulsando, dende o ano 2009, unha decidida política de coordinación, centralización e unificación de contratos na prestación de servizos comúns da administración autonómica, co obxectivo de acadar economías de escala, ampliar as capacidades de negociación e reducir o prezo e custo finais.

Os resultados desta estratexia se concretan en importantes aforros alcanzados xa coa unificación dos contratos correspondentes ao servizos de mantemento e de limpeza dos edificios administrativos (1,7 millóns de euros anuais de aforro), coa centralización da xestión dos servizos de información telefónica (con 10 teléfonos de información e un aforro anual de 1,5 millóns de euros), ou co novo contrato do servizo de comunicacións postais e telegráficas da Xunta de Galicia (coa incorporación de 14 novos organismos e unha redución no orzamento de licitación do 20,42%).

De igual xeito, en 2013 abordouse a centralización da subministración da enerxía eléctrica (con inclusión de ate 1.342 subministracións de electricidade ate ese momento dispersas), así como do servizo de vixilancia dos edificios administrativos (31 organismos mais). A este respecto, cómpre ter presente que o aforro anual efectivo co novo contrato de vixilancia é de 1,2 millóns de euros e o aforro estimado no custo da electricidade é de 1,9 millóns de euros no primeiro ano, e de 5 millóns de euros no primeiro período do contrato (ate o 31/12/2015).

Ademais, mediante a centralización do gasto en telefonía móbil de máis de mil centros, en xaneiro de 2011 a Xunta, a través da AMTEGA, conseguiu aforrar 1,8 millóns de euros anuais.

Pola súa banda, nestes momentos están en tramitación os expedientes de contratación unificada dos servizos de mantemento dos edificios xudiciais e da rede de telecomunicacións corporativa da Xunta de Galicia.

Tamén a través da AMTEGA, en febreiro de 2014 licitouse un contrato centralizado de servizos de Telecomunicacións da súa rede corporativa, que proporcionará servizo de internet, telefonía fixa e móbil a 3.000 centros da Administración pública, integrando na rede corporativa, sen custe adicional, as redes de datos do CIXTEC, da CRTVG e os servizos de telefonía de 1.400 centros públicos.

O contrato abrangue tamén o mantemento do equipamento electrónico de toda a administración autonómica. Ata agora o mantemento era xestionado por cada un dos departamentos da Xunta mentres que o novo contrato permitirá asumir o mantemento de toda a infraestrutura, reducindo custes ao centralizar a contratación.

Este contrato permitirá aforrar arredor de 13 millóns de euros en tres anos.

Nesta mesma liña, a concentración da contratación das licenzas de software a través da AMTEGA ten reducido substancialmente o custo das citadas licenzas.

Nun contrato centralizado asinado en decembro de 2013 acadouse un aforro dun 50% en licenzas de software de servidor, backoffice e escritorio de produtos de Microsoft cunha redución media anual de 1,7 millóns de euros con respecto ao 2010 e unha redución media anual de 0,4 millóns de euros con respecto a 2012.

Nun contrato centralizado asinado en xullo de 2012 acadouse un aforro dun 35% en ferramentas de xestión de bases de datos e servidores de aplicacións, o que supón unha redución de 1 millón de euros a 4 anos con respecto a 2012.

O resto das licenzas de software contratáronse de xeito centralizado en marzo de 2014, obtendo tamén importantes aforros.

Así mesmo, a compra centralizada de equipamento TIC que realiza a AMTEGA dende o ano 2012, supuxo unha redución do custe nun 25% por economías de escala, o que supón máis de 1 millón de euros de aforro anual.

Tamén a consolidación dos contratos de mantemento hardware nun único contrato realizado pola AMTEGA permitiu un aforro do 43%, 257.000 euros, no contrato de mantemento de hardware.

Nesta mesma liña, co obxectivo final de garantir a maior calidade asistencial nos servizos sociais, a Consellería de Traballo e Benestar, a través da súa Secretaría Xeral Técnica, iniciou no ano 2013 un proceso para a progresiva centralización das distintas contratacións de subministros e servizos destinados aos centros prestadores de servizos sociais dependentes da Consellería, empregando para iso os novos sistemas de racionalización técnica da contratación recollidos na normativa de contratación pública xunto co fomento do uso das TICs por parte dos empregados públicos responsables da administración dos centros inicialmente adheridos a este sistema.

Polo tanto, preténdese que o modelo deseñado supoña a posta en marcha dun sistema de compras centralizado innovador, dinámico e flexible que permitirá acadar a simplificación dos procedementos contractuais, a estandarización dos subministros e servizos contratados e finalmente dar a mellor resposta posible ás necesidades diarias dos centros prestadores de servizos sociais mediante contratación de servizos e subministros nas condicións económicas máis vantaxosas e cos maiores niveis de calidade.

Os contratos centralizados xa licitados ou que están en fase de tramitación son os seguintes:

1. Servizo para o mantemento das instalación de calefacción, climatización e ventilación das oficinas de emprego da Xunta de Galicia.



A través deste contrato darase este servizo de mantemento a un total de 43 oficinas de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia.

A adxudicación durante o ano 2013 da contratación centralizada do citado servizo de mantemento supuxo unha baixa no orzamento de licitación de **18.066,28 €**.

2. Contrato de servizo para o mantemento do sistema de autocontrol nos centros públicos da Consellería de Traballo e Benestar.

A través deste contrato darase este servizo de mantemento a un total de 28 centros prestadores de servizos sociais da Comunidade Autónoma de Galicia.

A adxudicación durante o ano 2013 da contratación centralizada do servizo de mantemento do sistema de autocontrol alimentario dos centros públicos dependentes da Consellería de Traballo e Benestar supuxo unha baixa no orzamento de licitación de **6.933,36 €**.

3. Contratación da subministración sucesiva de combustible de calefacción, gasóleo C, a centros dependentes da Consellería de Traballo e Benestar.

O orzamento máximo da prórroga do subministro de combustible de calefacción para os exercicios 2014, 2015 e 2016 ascende á cantidade de 2.780.481,32 €. O combustible está destinado a un total de 90 centros prestadores de servizos sociais dependentes da Consellería.

A oferta económica presentada pola empresa adxudicataria recolle un desconto por litro de combustible, antes de impostos, de 0,044 €, o cal suporá un aforro aproximado de **152.850,17 €** durante os catro anos de vixencia do acordo marco (un 4,68 %).

4. Contratación da subministración sucesiva de uniformes e roupa plana para os centros dependentes da Consellería de Traballo e Benestar.

Mediante este procedemento adquiríronse un total de 40.682 artigos que compoñen os uniformes destinados a 36 categorías profesionais do persoal que presta os seus servizos en 23 centros prestadores de servizos sociais, dependentes da Consellería de Traballo e Benestar (20 Residencias de Maiores, 3 Centros de Atención a Persoas con Discapacidade e 1 Centro ocupacional).

Así mesmo, mediante este contrato estanse a subministrar un total de 1.1139.607 artigos para a renovación da roupa plana das residencias de maiores e centros participantes (sabas, mantas, toallas, babeiros etc.)

A adxudicación e posterior formalización deste contrato centralizado para a subministración de uniformes e roupa plana, por un importe de 1.025.904,82 €, supuxo unha baixa no orzamento de licitación de **461.738,32 €**. (31%).

Durante o presente ano está prevista a adhesión doutros tipos de centros prestadores de servizos sociais dependentes da Consellería a este contrato de subministración centralizada.

5. Contratación da subministración de produtos de lavandería para os centros dependentes da Consellería de Traballo e Benestar.

Con este procedemento comézase a empregar a figura do acordo marco para a adquisición centralizada de servizos e subministracións. Considérase que esta técnica é un instrumento xurídico idóneo para a optimización e racionalización da contratación dos distintos servizos e subministracións, necesarios para o funcionamento ordinario dos centros prestadores de servizos sociais dependentes desta Consellería.

Esta contratación ten por obxecto a adquisición do subministro de produtos de lavandería (deterxentes, suavizante, neutralizante, blanqueador....), os correspondentes sistemas de clasificación e dosificación así como todos aqueles produtos que sexan necesarios para o lavado de roupa, destinados a un total de 28 centros prestadoras de servizos sociais dependentes da Consellería de Traballo e Benestar.

O valor estimado total deste acordo marco é de 572.829,98 €.

Na actualidade, o procedementos atópase na fase de realización das probas de lavado para a valoración das distintas ofertas presentadas polo que está prevista a adxudicación e posterior execución do contrato no último cuadrimestre do ano.

6. Contratación da subministración, suxeita a regulación harmonizada, de produtos de alimentación non perecedoiros destinados aos centros prestadores de servizos sociais dependentes da Consellería de Traballo e Benestar.

Este procedemento de licitación ten por obxecto a contratación da subministración de produtos de alimentación non perecedoiros destinados aos centros de servizos sociais dependentes da Consellería de Traballo e Benestar que ofertan na actualidade un total de 2.381 prazas de residentes.

Co obxecto de impulsar a concorrència e fomentar o acceso á contratación das pequenas e medianas empresas acordouse a división do contrato en catro lotes, un en cada provincia.

Unha vez formalizado, este contrato implicará a adquisición centralizada dun total de 53 artigos de alimentación, que serán subministrados aos centros a través dunha aplicación informática deseñada en colaboración coa Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia, o cal suporá unha automatización e axilidade nos procesos que redundará na prestación dun mellor servizo.

O valor máximo estimado deste acordo marco previsto para unha duración máxima de 2 anos é de 2.554.024,32 €.

O prazo de presentación de ofertas por parte dos licitadores rematará o vindeiro 25 de xuño.

7. Nos meses de xuño-xullo está previsto a publicación/adxudicación dos seguintes contratos centralizados:

- Acordo marco para a subministración de produtos e materiais de limpeza destinados aos centros prestadores de servizos sociais dependentes da Consellería de Traballo e Benestar
- Acordo marco para a subministración sucesiva de consumibles informáticos destinados a Consellería de Traballo e Benestar, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria suxeito a regulación harmonizada
- Contratación, polo procedemento negociado sen publicidade, dos plans de autoprotección dos centros de servizos sociais dependentes da Consellería de Traballo e Benestar.

Así pois, está previsto que a través da posta en marcha deste Plan de contratación centralizada de adquisicións dos distintos subministros e servizos destinados aos centros prestadores de servizos sociais se xeren economías de escala que permitan acadar o obxectivo de obter un aforro aproximado dun 19,30 %.

### 2.3 O fomento da contratación innovadora

A Xunta de Galicia non renunciou nestes anos a exercer un efecto tractor sobre o sistema de innovación galego, a través da demanda de produtos e solucións innovadoras.

Nomeadamente, no eido da sanidade pública, os proxectos InnovaSaúde e Hospital 2050, que contan cun orzamento global de case 100 millóns de euros, recibiron, a través dun proceso de diálogo técnico co mercado, preto de 300 propostas de solucións innovadoras, instrumentado a través da *Orde do 27 de abril de 2012 pola que se aproba a convocatoria aberta de propostas de solucións innovadoras para os proxectos de innovación sanitaria Innova Saúde e Hospital 2050*.

Foi o primeiro paso para instrumentalizar o proceso de Compra Pública Innovadora, no marco do cal tamén se publicou un mapa de demanda temperá que axuda ás empresas a aliñar os seus esforzos en I+D en función das necesidades proxectadas polo SERGAS.

Do total de 296 propostas recibidas, 228 foron de empresas privadas e outras 68 de entidades de investigación. O número total de participantes (tanto públicos como privados) ascendeu a 107. Máis da metade das propostas están a ser desenvolvidas en detalle en diferentes subproxectos.

En maio de 2014, o 70% dos proxectos estaban xa contratados ou licitados. E o efecto tractor foi patente coa constatación de que nun 73% destes proxectos participaban empresas galegas e que en máis do 80% estaba presente algunha peme.

#### **2.4 A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico**

Coa aprobación deste proxecto de lei en agosto de 2013, que foi convertido en Lei polo Parlamento de Galicia en decembro do mesmo ano, a Xunta formulou a primeira regulación integral das especificidades en materia de contratación do sector público autonómico galego.

Unha vez entrada en vigor esta lei o 16/02/2014, a normativa contractual de Galicia pasa a integrarse nun único texto, que recolle diferentes medidas para a axilización e a simplificación administrativa.

En materia de contratación esta Lei incorpora recomendacións que emanan da normativa europea máis recente e avanzada:

- Sentenzas do Tribunal de Xustiza da UE do 9 de xuño de 2009, do 19 de decembro de 2012 e do 13 de xuño de 2013
- Manuais sobre compra pública ecolóxica da Comisión Europea (2011)
- Guía de adquisicións sociais (2010)
- Estratexia en pos da contratación pública electrónica: comunicación da Comisión Europea de 20 de abril de 2012
- A Estratexia Europea 2020 no tocante á contratación innovadora

E mesmo avanza aspectos que están presentes na nova Directiva 2014/24/UE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública, que aínda non estaba aprobada cando se tramitou esta Lei.

O obxectivo desta norma é incrementar a concorrência, a eficiencia e a transparencia nos procesos de contratación do sector público galego pero tamén persegue un uso estratéxico das compras públicas, con especial referencia á contratación pública socialmente responsable, así como á contratación innovadora.

En particular, coa Lei de racionalización do sector público autonómico garántese:

- A supresión de contratacións innecesarias cando o servizo requirido poida ser prestado por outro órgano do propio sector público (Título I e Disposición Adicional Segunda)
- A consolidación do sistema de contratación centralizada, coa constitución dunha comisión interdepartamental a tal efecto (Artigo 20 e Disposición Adicional Terceira).

- A xeneralización dos medios electrónicos na contratación pública, garantindo esta posibilidade en todos os procedementos de contratación do sector público autonómico no prazo de dous anos (Artigo 21 e Disposición Adicional Cuarta).
- A igualdade de trato entre licitadores, obrigando aos órganos de contratación a incluír na Plataforma de Contratos de Galicia toda a documentación contractual, así como todas as aclaracións solicitadas polos licitadores, asegurando que todos teñen o mesmo acceso á mesma información (Artigo 22 e Disposición Adicional Quinta).
- A restrición dos procedementos de adxudicación directa á metade dos límites que marca a normativa estatal, esixindo a concorrencia de tres empresas por enriba deses novos límites (Artigo 23)
- A simplificación da documentación requirida aos licitadores, facilitando a concorrencia ao esixir tan só unha declaración responsable para presentarse ao proceso, reclamando a documentación completa só no caso de resultar adxudicatario (Artigo 24).
- A existencia dunha reserva obrigatoria de contratos para os centros especiais de emprego e as empresas de inserción sociolaboral que empreguen a persoas discapacitadas (Artigo 26).
- A inclusión nos pregos de criterios de adxudicación que fomenten o acceso das PEMES, favorezan a presentación de solucións innovadoras e teñan en conta criterios sociais e ambientais (Artigos 25, 28 e 29 e Disposicións Adicionais Sexta e Sétima).
- A consolidación da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa de Galicia e a asunción de novas funcións como centro de coñecementos en contratación pública (Artigos 34 e 35).

Este texto legal ten suposto, polo tanto, unha significativa innovación na regulación dos contratos do sector público galego ao blindar por lei uns principios e obrigas destinados a elevar os niveis de eficiencia, axilidade e transparencia destes procedementos e a reforzar a súa utilización estratéxica.

### 3- OBXECTIVOS E EIXOS DO PLAN

O Plan de Mellora da Contratación Pública 2014-2016 xorde, por tanto, de desenvolver, consolidar e estender as decisións tomadas e os avances efectuados no eido da contratación pública a través dos antecedentes mencionados, destacando especialmente a necesidade de efectuar o desenvolvemento práctico dos preceptos incluídos na Lei 14/2013.

O obxectivo último deste Plan é acadar en Galicia no ano 2016 o funcionamento dun modelo de contratación pública que:

- Optimice os recursos, aproveitando as sinerxías derivadas dos principios de autoprovisión e centralización.
- Maximice a concorrancia, redundando nunha maior competencia entre licitadores e na posibilidade da administración de acadar mellores ofertas, para o que cómpre facilitar o acceso das pequenas e medianas empresas.
- Garanta a posibilidade de tramitación electrónica de todas as fases dos procedementos de contratación do sector público galego, axilizando ao mesmo tempo os tempos de trámite administrativo dos procedementos de contratación.
- Funcione como elemento activo para o estímulo das pemes, das solucións innovadoras e das boas prácticas sociais e ambientais no seo das empresas.
- Introduza mecanismos de transparencia e boas prácticas que garantan o máximo control tanto interno como externo dos procedementos de contratación.

Para sentar as bases deste novo modelo, este Plan desenvolverá nos próximos dous anos 19 medidas prioritarias, estruturadas en cinco eixos que se corresponden cos obxectivos anteriormente anunciados.

- Eixo 1: Optimización de recursos
- Eixo 2: Acceso e concorrancia
- Eixo 3: Impulso dos medios electrónicos
- Eixo 4: Uso estratéxico e social
- Eixo 5: Transparencia e Boas prácticas

## 4- EIXOS DE ACTUACIÓN

### a) Eixo 1: Optimización dos recursos

Tomando como base o principio de eficiencia que debe rexer na xestión de calquera administración, a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico introduciu dous mandatos claros:

- Non contratar fóra os servizos que se puidesen prestar con medios propios.
- No caso de contratar medios externos, facelo de xeito común sempre que estes sexan homologables.

Estes dous principios, o de autoprovisión e o de centralización, parten dun enfoque global do sector público autonómico, que opta por velo como un todo en lugar de observalo coma se de compartimentos estancos se tratara.

Dende esta perspectiva que toma ao sector público autonómico coma un conxunto, resulta de toda lóxica a decisión de recorrer de xeito preferente a medios dun órgano administrativo para complementar aos doutro, así como a opción de facer un único contrato para os casos de servizos ou subministracións necesarios para varios órganos.

Para soste esta gobernanza integral da contratación do sector público autonómico, a Lei 14/2013, de 26 de decembro, introduciu mecanismos como a Comisión Interdepartamental en materia de contratación e definiu modalidades de colaboración dentro do sector público como as encomendas de xestión ou os acordos de colaboración e cooperación.

Polo tanto, para poder levar á práctica o establecido nesa lei faise necesario dotar aos órganos administrativos de instrumentos que faciliten a concreción dos principios de autoprovisión e centralización na xestión cotiá. As medidas recollidas neste Eixo 1 céntranse precisamente na posta en marcha destes instrumentos.

**Medida 1.1. Catálogos de medios e Prestacións**

**Medida 1.2. Guía de colaboración público-pública**

**Medida 1.3. Relación de prestacións susceptibles de contratación centralizada**



## Medida 1.1: Catálogos de medios e prestacións

Dentro do seu título I, a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, consagra, nos seus artigos 8 e 9, a figura dos catálogos de medios e prestacións susceptibles de ser obxecto de cooperación, colaboración e asistencia no ámbito interno do sector público autonómico.

Establécese, polo tanto, que para os medios e prestacións incluídos neses catálogos só se poderá acudir á contratación externa cando a autoprovisión non resulte viable, por non poderen ser cumpridamente satisfeitas por outros órganos ou entidades instrumentais do sector público as necesidades que se pretenden cubrir, mediante algún dos procedementos de colaboración indicados na lei 14/2013, do 26 de decembro, pola insuficiencia, carencia ou inadecuación dos medios dos que dispoñan.

No resto dos casos se habilitan os mecanismos oportunos para facer efectiva a cooperación interdepartamental que permita prescindir da contratación externa.

Nos catálogos incluíranse os medios e prestacións susceptibles de ser prestados internamente pola vía da cooperación, colaboración e asistencia recíproca entre órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do sector público autonómico, de maneira que se garanta un uso racional, eficiente e eficaz dos recursos públicos e a actuación coordinada do sector público autonómico.

En particular, incluíranse nos catálogos a prestación de asistencia xurídica, control económico-financeiro, auditoría de contas ou de funcionamento, auditoría enerxética, avaliación de resultados, estatística, hixiene e saúde laboral, formación de persoal empregado público, administración electrónica, innovación e desenvolvemento tecnolóxico.

Ao efecto de cumprir esta previsión, o Consello da Xunta celebrado o 20 de febreiro de 2014 –o primeiro trala entrada en vigor da lei, acordou a creación dunha Comisión Interdepartamental que, entre as súas funcións, asumiu elaborar a proposta deste catálogo único, que integre os de todos os órganos da administración xeral e do sector público autonómico, aos efectos do seu sometemento ao Consello da Xunta logo do informe da consellería competente en materia de avaliación e reforma administrativa.

**Órgano executor:** Comisión Interdepartamental creada polo Acordo do Consello da Xunta do 20 de febreiro de 2014

**Prazo:** 1 mes

## Medida 1.2 Guía de colaboración público-pública

Para o correcto funcionamento do mecanismo de autoprovisión, ademais dos catálogos que establezan as prestacións que deben fornecerse polo propio sector público autonómico, cómpre a boa utilización dos instrumentos e procedementos de colaboración e cooperación establecidos tanto no Título I da Lei 14/2013, do 27 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, coma nos previstos nos artigos 8, 9 e 10 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Para facilitar ao máximo o emprego destes instrumentos e maximizar polo tanto o recurso á autoprovisión, a Asesoría Xurídica Xeral elaborará unha guía informativa sobre a colaboración público-pública que sirva de sustento aos técnicos dos diferentes departamentos da administración xeral e do sector público autonómico para utilizar estes instrumentos dende a máxima claridade interpretativa e seguridade xurídica.

Dita guía conterá unha análise práctica dos mecanismos de subscrición de protocolos, encomendas de xestión e acordos de colaboración ou cooperación, co obxecto de resolver as posibles dúbidas e de proporcionar un manual completo que facilite a xeneralización destes instrumentos de colaboración.

Asemade, esta guía incorporará tamén un análise práctico dos procedementos e instrumentos de colaboración interadministrativos, fundamentalmente aqueles que se formalizan entre o sector público autonómico e as entidades locais.

Con esta guía, polo tanto, facilitarase e dotarase de seguridade xurídica á utilización de mecanismos de cooperación público-pública, permitindo maximizar a extensión e aplicación dos mecanismos de autoprovisión previstos nos catálogos de medios e prestacións.

**Órgano executor:** Asesoría Xurídica Xeral

**Prazo:** 2 meses

### Medida 1.3 Relación de prestacións de contratación centralizada

No seu artigo 20, a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico consagra a contratación centralizada como instrumento idóneo para a consecución dos obxectivos de eficiencia e control do gasto mediante a obtención de economías de escala, con redución de prezos e custos de transacción.

A lei determina que a Xunta de Galicia deberá determinar, a través dunha Comisión Interdepartamental, aquelas subministracións, obras ou servizos, que polo seu carácter común se poidan contratar de forma xeral e con característica esencialmente homoxéneas para os diferentes órganos e organismos da administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público autonómico.

A propia lei suxire determinadas prestacións susceptibles de seren incluídas nesta modalidade de contratación pero atribúe a configuración final desta relación á Comisión Interdepartamental cuxa creación insta a disposición adicional terceira. Dita comisión, como se ten sinalado anteriormente, xa foi creada por acordo do Consello da Xunta de 20 de febreiro de 2014.

A Comisión aprobará a relación de prestacións susceptibles de contratación centralizada e propondrá ao Consello da Xunta, para a súa aprobación, o departamento encargado de efectuala en cada caso.

Poderanse incluír nesta modalidade de contratación, nas condicións que determine a comisión interdepartamental, as prestacións de mantemento, limpeza, seguridade, servizos postais e telegráficos, telecomunicacións, mensaxaría e paquetaría, mantemento e reparación de vehículos, fotocopiadoras, combustibles, enerxía eléctrica e gas.

**Órgano executor:** Comisión Interdepartamental creada polo Acordo do Consello da Xunta do 20 de febreiro de 2014

**Prazo:** 1 mes

## **b) Eixo 2: Acceso e concorrencia**

O incremento da concorrencia nos procedementos de contratación do sector público autonómico é un obxectivo de vital importancia tanto para a propia administración como para o noso tecido produtivo.

Para a administración, unha maior concorrencia significa un incremento das posibilidades de conseguir unha mellor oferta, tanto en prezo como en calidade.

Para o tecido produtivo galego, composto na súa meirande parte por pequenas e medianas empresas, ser capaces de acceder aos procedementos de contratación públicos implica meirandes posibilidades de negocio e de creación de emprego.

Xa a posta en funcionamento da Plataforma de Contratos Públicos de Galicia ten suposto un cambio fundamental, ao facilitar a decenas de pequenas e medianas empresas galegas estar informados en tempo real dos procedementos de licitación abertos.

A maiores, a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico introduciu novas facilidades á concorrencia, obrigando a que a devandita Plataforma dixital incluíse toda a documentación contractual dispoñible, eliminando os custos de acceso nos que se podía incurrir no caso de ofrecer os pregos nun lugar físico. Tamén os custos burocráticos quedaron reducidos ao simplificar a documentación que os licitadores deben achegar na primeira fase do proceso.

Por outra banda, a rebaixa á metade dos límites para os que a lexislación básica permite a adxudicación directa, así como a introdución do mandato legal de optar preferentemente polo fraccionamento en lotes e pola subscripción de acordos marco con varios licitadores, son tamén medidas cun impacto directo na capacidade de moitas empresas para acceder aos procedementos de contratación pública.

Co ánimo de seguir avanzando nese camiño, este eixo do Plan aposta por medidas que desenvolvan instrumentos que axuden ás pequenas e medianas empresas a optar ás licitacións:

- Guiando aos órganos de contratación para introducir melloras e facilidades nas súas ofertas.
- Proporcionando aos potenciais licitadores asistencia e asesoramento directos.
- Incrementando os medios de difusión electrónicos das ofertas.

**Medida 2.1 Novo Decreto da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa**

**Medida 2.2. Guía para unha contratación pública aberta ás PEMES**

**Medida 2.3. . Manual de acceso ás licitacións**

**Medida 2.4. Mellora da negociación nos procedementos negociados**

**Medida 2.5. Conexión da Plataforma de Contratos de Galicia coa Plataforma de Contratación do Sector Público**

**Medida 2.6. Integración do Rexistro de Contratistas de Galicia no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público**

## **Medida 2.1. Novo decreto regulador da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa**

A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico introduciu un cambio fundamental na configuración da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa.

O artigo 35 da devandita Lei asignou a este organismo funcións de centro de coñecementos en materia de contratación pública e encomendoulle a labor de proporcionar e orientar a todos os órganos de contratación do sector público galego (tanto autonómico como local) así como aos operadores económicos que opten a acceder a contratos públicos.

Cómpre elaborar, en consecuencia, un novo Decreto regulador da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa que substitúa ao vixente, de 2007, para que este órgano consultivo poida asumir de xeito efectivo estas novas funcións.

A nova Xunta Consultiva de Contratación Administrativa non só terá o papel consultivo e divulgativo que a día de hoxe ten atribuído, senón que exercerá un papel máis proactivo, ofrecendo a súa asistencia técnica tamén á administración local así como ás empresas que opten a ser licitadoras.

O novo decreto potenciará o uso de medios telemáticos para a asistencia a órganos de contratación e a axentes empresariais e regulará un sistema de consultas máis dinámico, práctico e transparente, dende a premisa de proximidade no servizo.

**Órgano executor:** Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Facenda

**Prazo:** 9 meses

## Medida 2.2. Guía para unha contratación pública aberta ás PEMES

O artigo 29 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico é o primeiro mandato legal do ordenamento xurídico galego de facilitar o acceso ás pequenas e medianas empresas aos procedementos de contratación pública.

Nese senso, introdúcense unha serie de orientacións xerais a ter en conta polos órganos de contratación do sector público autonómico para tratar de que as licitacións que poñan en marcha permitan a concorrencia de pequenas e medianas empresas, así como empresas incipientes.

Para axudar aos órganos de contratación a cumprir este mandato legal, a Guía para unha contratación pública aberta ás PEMES proporcionará aos órganos de contratación orientacións prácticas e exemplos para configurar un deseño do contrato que facilite a concorrencia das pequenas e medianas empresas a través de diferentes mecanismos como a exigencia da división en lotes, a necesidade da posibilidade de subcontratación ou a adaptación dos requirimentos de solvencia e garantías ás posibilidades das PEMES.

Asemade, proporcionaranse exemplos de medidas para reforzar a transparencia nas licitacións e para asegurar o pago aos subcontratistas durante a execución do contrato.

**Órgano executor:** Asesoría Xurídica Xeral

**Órganos colaboradores:** Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, Instituto Galego de Promoción Económica

**Prazo:** 6 meses

### Medida 2.3. Manual de acceso ás licitacións

Para o obxectivo xeral de maximizar a concorrancia, a igualdade de trato e o acceso das PEMES á contratación pública, a Guía para unha contratación pública aberta ás PEMES anteriormente referida necesita dun complemento esencial.

Se a Guía facilita aos órganos de contratación o coñecemento dos mecanismos cos que poder facilitar a entrada das PEMES a través dos seus procedementos, tamén as propias PEMES, pola súa banda, necesitan dun instrumento que poña á súa disposición coñecementos fundamentais para poder optar a esas contratacións.

A Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, en consonancia coas funcións como centro de coñecementos en materia de contratación pública que asume a través da Lei 14/2013 e do seu futuro decreto regulador, configúrase como órgano idóneo para o propósito de proporcionar ese instrumento.

Deste xeito, a XCCA elaborará un Manual de acceso ás licitacións que proporcione aos potenciais licitadores información básica sobre os procedementos de contratación, destacando:

- Explicación do funcionamento e das funcionalidades da Plataforma de Contratos ou do Rexistro de Contratistas.
- Resumo das principais características dos diferentes procedementos de contratación así como os procesos de consideración de baixas temerarias ou de negociación de melloras.
- Resposta ás preguntas frecuentes sobre os requisitos para licitar a sobre a documentación esixida.

Este documento, que se poñerá a disposición pública na web da Xunta de Galicia, fomentará o coñecemento por parte do tecido empresarial galego dos pasos a dar para concorrer a unha licitación pública, contribuíndo a aumentar a concorrancia, a mellorar as ofertas e a facilitar oportunidades de negocio ás pequenas e medianas empresas galegas.

**Órgano executor:** Xunta Consultiva de Contratación Administrativa

**Prazo:** 6 meses



## **Medida 2.4. Mellora da negociación nos procedementos negociados**

Dentro do obxectivo xeral de maximizar a concorrência e a competencia nos procedementos de contratación, a Lei 14/2013, do 27 de decembro, de racionalización do sector público autonómico restrinxi notablemente os procedementos de adjudicación directa.

Así, mentres a normativa estatal permite utilizar este procedemento nos contratos de obras inferiores a 50.000 euros e nos de subministracións e servizos inferiores a 18.000, a lei galega rebaixa eses límites á metade. Polo tanto, os contratos menores superiores a 25.000 euros e os de subministracións e servizos que excedan os 9.000 pasan a utilizar o mesmo sistema que os procedementos negociados: a invitación de tres empresas con tres ofertas.

Se ben este cambio legal xa augura importantes rebaixas nos importes dos contratos pola existencia de maior concorrência, o Plan de Mellora da Contratación Pública quere reforzar esa extensión do modelo do procedemento negociado cunha mellora do propio procedemento.

Así, a administración autonómica promoverá, nos procedementos negociados, que se inclúan nos pregos de contratación cláusulas que procuren a existencia dunha efectiva negociación das ofertas cos empresarios, co obxectivo de intentar lograr ofertas coa mellor relación calidade/prezo.

Os pregos pautarán unha fase na que o órgano encargado da negociación invitará por escrito a negociar aos licitadores os aspectos técnicos e económicos recollidos no mesmo.

Os licitadores poderán entón presentar a súa contestación, reformulando ou mellorando os termos da súa oferta inicial.

No procedemento darase un trato igual a todos os licitadores e, en particular, non se facilitará, de forma discriminatoria, información que poida dar vantaxes a determinados licitadores con respecto ao resto. En particular, non se poderá revelar aos demais participantes as solucións propostas por un participante ou outros datos confidenciais que este lles comunique sen previo acordo deste.

No expediente deberá deixarse constancia documental desta fase de negociación.

Aos efectos do indicado nesta medida, o Consello da Xunta de Galicia aprobará modelos tipo de cláusula relativa á negociación para incluír nos pregos da Administración Xeral da Comunidade Autónoma e nas entidades do seu sector público.

**Órgano executor:** Asesoría Xurídica Xeral

**Órganos colaboradores:** Xunta Consultiva de Contratación Administrativa

**Prazo:** 1 mes

## **Medida 2.5. Conexión da Plataforma de Contratos de Galicia coa Plataforma de Contratación do Sector Público**

A Disposición Adicional Terceira da Lei 20/2013, do 14 de novembro, de garantía da unidade de mercado modificou o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, de xeito que a Plataforma de Contratación do Estado pasa a denominarse Plataforma de Contratación do Sector Público, co obxecto de dar cabida nela á totalidade de información sobre os procedementos contractuais de todas os entes, organismos e entidades que a devandita lei considera sector público.

A Xunta de Galicia dispón da súa propia Plataforma de Contratos Públicos de Galicia, que conta cun gran nivel de aceptación e utilización entre os licitadores galegos. Un portal que o Goberno galego considera esencial manter, non só incorporando novas funcionalidades e servizos de información e navegabilidade, senón tamén ampliando a súa difusión e coñecemento.

A tales efectos –e en cumprimento do artigo 334.5 do TRLCSP–, é propósito da Xunta arbitrar os pasos necesarios para garantir unha interconexión entre ámbalas dúas plataformas, de xeito que o soporte estatal pase a recoller a información proporcionada pola plataforma galega, mediante un enlace directo ao que os licitadores poidan ter acceso.

Deste xeito –e garantindo a plena autonomía do portal autonómico de contratación–, avanzaríase nunha maior interoperabilidade e intercambio de información entre administracións, coas facilidades que isto comporta para os licitadores, que dispoñen dun punto unificado de acceso onde consultar os perfís do seu territorio. Esta medida redundaría tamén nunha maior concorrencia nos procedementos de contratación iniciados polas entidades do sector público galego, ampliando a súa difusión e, en consecuencia, a posibilidade de recibir un maior número de ofertas para a obtención final da mellor relación calidade-prezo.

**Órgano executor:** Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Facenda e Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

**Órganos colaboradores:** Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas

**Prazo:** 1 ano

## **Medida 2.6. Integración do Rexistro de Contratistas de Galicia no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público**

Dentro das propostas do Informe da Comisión para a Reforma das Administracións Públicas (o chamado Informe CORA), atópase a de modificar a Lei de Contratos para transformar o Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado nun Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, que integre aos das comunidades autónomas.

A Xunta de Galicia ten iniciado conversas co Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas para adherirse a ese proxecto. O acordo permitiría á comunidade autónoma manter a xestión do sistema, inscribindo a aquelas empresas que presenten os seus datos á Xunta de Galicia, pero eses datos pasarán a formar parte do Rexistro estatal, evitando á empresa a necesidade, existente ata o momento, de ter que solicitar dous certificados distintos segundo quixera traballar para a administración autonómica ou a estatal.

Ademais, procederanse a integrar as aplicacións informáticas, coas correspondentes sinerxías. Mentres o Estado beneficiarase do servizo existente no Rexistro de Contratistas galego para manter constantemente actualizados os certificados de estar ao corrente de pago de impostos, a comunidade autónoma gañará ao incorporar os sistemas de medición da solvencia dos que dispoñía ata o de agora en exclusiva o Rexistro estatal.

Trátase dunha medida que, sen eliminar competencia algunha da administración autonómica, permite reducir duplicidades, evitar trámites para as empresas e facilitar a concorrência nas licitacións.

**Órgano executor:** Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Facenda

**Órganos colaboradores:** Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas

**Prazo:** 1 ano

### **c) Eixo 3: Impulso dos medios electrónicos**

A progresiva tramitación por medios electrónicos dos procedementos de contratación administrativa ten efectos directos non só no aumento da concorrencia senón tamén na redución de custos de acceso para os licitadores, na axilización dos trámites para a resolución dos procedementos ou na maior transparencia e capacidade de control e fiscalización.

Dados os innegables beneficios para administración, licitadores e cidadanía en xeral, cómpre incluír neste Plan de Mellora da Contratación Pública aquelas medidas oportunas para completar o pulo que a Xunta de Galicia ten dado ao uso de medios electrónicos nos últimos anos.

Se o Decreto 3/2010, de 8 de xaneiro, foi a punta de lanza da implantación da contratación electrónica en Galicia, dende entón sucesivos mandatos legais teñen reforzado a necesidade de concluír ese proceso. Así, tanto a Lei 14/2013, do 27 de decembro, de racionalización do sector público autonómico en Galicia, como a Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público en España ou a Directiva 2014/24/UE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública na Unión Europea, outorgan aos medios electrónicos un papel fundamental nos procedementos de contratación pública.

Co gallo de responder a eses mandatos legais e de aproveitar os efectos beneficiosos para Galicia da implantación definitiva destas solucións tecnolóxicas, o Eixo 3 deste Plan incorpora diferentes medidas dirixidas a que a contratación do sector público galego estea no ano 2016 plenamente integrada nos medios electrónicos. Así, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia será a promotora destas medidas e a coordinadora das actuacións con outras administracións.

**Medida 3.1. Desenvolvemento integral dos sistemas tecnolóxicos para a contratación electrónica no total do sector público autonómico**

**Medida 3.2. Consolidación definitiva do Sistema Electrónico de Facturación**

**Medida 3.3. Impulso da contratación electrónica na administración local**

### **Medida 3.1. Desenvolvemento integral dos sistemas tecnolóxicos para a contratación electrónica no total do sector público autonómico**

Entre os compromisos establecidos no eido da contratación pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico está o da definitiva consolidación da contratación electrónica no sector público autonómico.

Así se establece nos artigos 21 e 22, nos que se da especial importancia aos medios electrónicos e, en particular, á Plataforma de Contratos de Galicia e así se determina na disposición adicional cuarta, na que se marcan un prazo máximo de dous anos para garantir a posibilidade de utilización de medios electrónicos en todos os procedementos de contratación do sector público.

Co obxectivo de dar cumprimento a estes mandatos legais, este Plan establécese uns obxectivos moi claros a desenvolver nos seus dous anos de vixencia:

- A extensión do Sistema de Licitación Electrónica (SILEX) a todos os órganos de contratación do sector público autonómico.
- A habilitación dun xestor de expedientes de contratación en todas as consellerías e entes do sector público autonómico.
- A interconexión definitiva da aplicación para a xestión do rexistro de contratos co sistema de información contable e orzamentario Xumco2.

**Órgano executor:** Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable

**Órgano colaborador:** Subdirección Xeral de Sistemas de Tecnoloxías da Información da Consellería de Sanidade

**Prazo:** 2 anos

### **Medida 3.2. Consolidación definitiva do Sistema Electrónico de Facturación**

O Sistema Electrónico de Facturación (SEF) da Xunta de Galicia posto en marcha en 2010 tense amosado como efectivo á hora de reducir a morosidade do sector público autonómico e de aportar transparencia e fiabilidade á contabilidade pública.

Xa despois do primeiro ano de funcionamento do SEF, a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa de Galicia instou na súa Recomendación 2/2011 a “elaborar as disposicións normativas oportunas en orde a modificar o carácter opcional da presentación de facturas en formato electrónico á vista das cifras de evolución ascendente da súa aceptación”.

Consideraba así a XCCA que o volume de facturación electrónica, que ten continuado medrando nos seguintes anos, permitía identificar aos contratistas como un dos colectivos que “por razón da súa capacidade económica ou técnica, dedicación profesional ou outros motivos acreditados teñan garantido o acceso e dispoñibilidade dos medios tecnolóxicos precisos”.

Deste xeito se definen, tanto no artigo 27.6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos como no artigo 24.2 do Decreto 198/2010 polo que se regula a factura electrónica en Galicia, aqueles colectivos aos que as administracións públicas poderán establecerlles a obriga de comunicación por medios electrónicos.

Os recentes avances na normativa estatal contribúen a reforzar a pertinencia de dar cumprimento á devandita recomendación da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa. Así, a Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público, ten iniciado o camiño da obrigatoriedade a través do seu artigo 4, que dispón a necesidade de que determinadas entidades utilicen de xeito preceptivo a factura electrónica a partires de xaneiro do ano 2015.

A extensión desta obriga á totalidade de contratistas do sector público autonómico, nas condicións que se determinan regulamentariamente, suporía un paso de xigante nas garantías de transparencia e rigor da contabilidade pública, permitindo a transformación do SEF nun verdadeiro rexistro contable de facturas, que permitirá axilizar os procedementos, aportar certeza dos pagos pendentes e ampliar as capacidades estatísticas do período medio de pagos do sector público autonómico.

**Órganos executores:** Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable e Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia

**Prazo:** 2 años

### **Medida 3.3. Impulso da contratación electrónica na administración local**

Os últimos anos teñen suposto un importante avance na tramitación informática de procedementos das entidades locais galegas. Dende decembro de 2010, a Xunta estableceu a supresión do formato papel no envío dende as entidades locais á administración autonómica de documentación como as actas dos plenos e xuntas de goberno ou as copias do orzamento xeral e da liquidación do mesmo.

Nese mesmo ano púxose en marcha o Plan eConcellos para a impulso da administración electrónica nas entidades locais e asinouse un convenio coa FEGAMP co mesmo obxectivo. Froito destes proxectos conseguiuase a habilitación da tramitación electrónica de diversos procedementos da administración local, a extensión dos servizos de certificación dixital a todas as entidades locais ou o acceso á rede corporativa da Xunta e ao sistema de rexistro.

Non obstante, a entrada en vigor en febreiro de 2014 da disposición adicional quinta da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, na que se habilita á Xunta de Galicia para colaborar coas entidades locais na extensión dos mecanismos electrónicos de contratación aconsellan a sinatura dun novo convenio coa Federación Galega de Municipios e Provincias, cos seguintes obxectivos:

- A incorporación efectiva de todos os perfís do contratante municipais á Plataforma de Contratos de Galicia.
- A integración dos rexistros de licitadores locais aínda existente no sistema de xestión de licitadores de ámbito autonómico.
- A extensión dos sistemas electrónicos de licitación e facturación a través da cesión do software empregado pola Xunta de Galicia.
- A adhesión das entidades locais ao punto xeral de entrada de facturas electrónicas que proporcione a Xunta de Galicia, en cumprimento coa Lei estatal de factura electrónica.

**Órganos executores:** Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable

**Órgano colaborador:** Dirección Xeral de Administración Local

**Prazo:** 2 anos



#### **d) Eixo 4: Uso estratéxico e social**

Como se salientaba na introdución deste Plan, a contratación pública non só é un factor esencial na racionalización do gasto público e na simplificación administrativa senón que polo seu contacto directo co sector privado, é un instrumento clave de estímulo do tecido produtivo.

Así, a Xunta de Galicia aspira a que a súa estratexia de contratación pública non só teña efectos internos na eficiencia da administración pública senón que poida provocar efectos externos mediante un uso estratéxico da demanda pública.

En consecuencia con isto, a Lei 14/2013, do 27 de decembro, de racionalización do sector público autonómico marca tres grandes liñas no uso estratéxico das compras públicas:

- O estímulo das prácticas innovadoras no tecido produtivo galego a través do incentivo ás solucións innovadoras nas licitacións públicas.
- O fomento da responsabilidade social e ambiental no tecido produtivo galego a través da incorporación de criterios referidos a estes eidos nos pregos de contratación.
- O respaldo á integración laboral das persoas con discapacidade a través da reserva de contratos a centros especiais de emprego a empresas de inserción sociolaboral.

A consecución destes obxectivos depende da introdución nos procedementos de contratación de diferentes mecanismos e cláusulas que fagan efectivos estes principios. Para elo, debe dotarse aos diferentes órganos de contratación do sector público autonómico dunhas instrucións homoxéneas que lles permitan adaptar os seus procedementos de contratación aos eixos de compra pública estratéxica marcados pola lei.

Nese senso, as medidas comprendidas neste Eixo 4 tratan de configurar os instrumentos idóneos para acadar os obxectivos estratéxicos e sociais marcados pola lexislación.

**Medida 4.1. Guía de contratación pública innovadora**

**Medida 4.2. Guía de cláusulas sociais e ambientais na contratación pública**

**Medida 4.3. Implantación e control da reserva de contratos a centros especiais de emprego e empresas de inserción sociolaboral**

## Medida 4.1. Guía de contratación pública innovadora

Tal e como ven marcado polo artigo 28 da Lei 14/2013, do 27 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o incentivo das solucións innovadoras tense convertido legalmente nun obxectivo prioritario da contratación pública en Galicia.

A este respecto, cómpre ter presente que a compra pública innovadora é unha actuación administrativa de fomento da innovación orientada a potenciar o desenvolvemento de novos mercados innovadores desde o lado da demanda, a través do instrumento da contratación pública. Persigue os seguintes obxectivos:

- A mellora dos servizos públicos mediante a incorporación de bens e servizos innovadores
- O fomento da innovación empresarial
- O impulso da innovación empregando o mercado público local como cliente de lanzamento ou referencia.

A compra pública innovadora materialízase en dúas modalidades de actuación: as compras comerciais e as compras precomerciais:

- Na modalidade das compras comerciais inclúese a Compra pública de tecnoloxía innovadora (CPTI): consiste na compra pública dun ben ou servizo que non existe no momento da compra pero que pode desenvolverse nun período de tempo razoable. Dita compra require o desenvolvemento de tecnoloxía nova ou mellorada para poder cumprir cos requisitos demandados polo comprador. Aparece tipificada no artigo 11.1.c) do TRLCSP.
- A Compra Pública Precomercial (CPP): é unha contratación de servizos de I+D nos que o comprador público non se reserva os resultados da I+D para o seu propio uso senón que comparte coas empresas os riscos e os beneficios da I+D necesaria para desenvolver solucións innovadoras que superen as que están dispoñibles no mercado. Aparece tipificada nos artigos 4.1.r) e 13.2.b) do TRLCSP.

Así, para o desenvolvemento eficaz da compra pública innovadora débese reforzar o papel da Administración como impulsora da Innovación empresarial. Para elo debe traballarse desde o lado da demanda do xestor público que saca a licitación os contratos de compra pública innovadora e desde o lado da oferta, é dicir, das empresas que compiten nas licitacións axudándoas no xogo competitivo a participar e presentar ofertas innovadoras e ditos procedementos de contratación.

De acordo co anterior, para a axuda á demanda, elaborárase unha Guía de contratación pública innovadora dirixida aos órganos de contratación da Administración Xeral e do sector público autonómico para a mellor e máis adecuada aplicación dos procedementos de contratación e adxudicación da compra pública innovadora tanto na súa modalidade de Compra Pública de Tecnoloxía Innovadora (CPTI) como na de Compra Pública Precomercial

(CPP), en tanto que instrumentos diferenciados pero ambos orientados con igual relevancia ao fomento da política de innovación.

En consecuencia, a Guía de contratación pública innovadora, para a cal a Asesoría Xurídica Xeral contará coa colaboración da Axencia Galega de Innovación (GAIN), dotará aos órganos de contratación da información necesaria para efectuar con total seguridade xurídica tanto contratación pre-comercial como contratación innovadora.

Neste último caso, proporcionaranse criterios para introducir nos pregos uns criterios de valoración e unha definición das prescricións técnicas que favorezan ás ofertas de solucións innovadoras. Ademais, proporcionarase criterios xurídicos determinantes para asegurar un cumprimento efectivo dos dereitos de propiedade industrial e intelectual así como de confidencialidade durante a tramitación destes procedementos. A Guía adxuntará modelos que faciliten aos órganos de contratación a elaboración dos seus pregos.

**Órgano executor:** Asesoría Xurídica Xeral

**Órganos colaboradores:** Consellería de Sanidade, Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, Axencia Galega de Innovación e Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

**Prazo:** 6 meses

## Medida 4.2. Guía de cláusulas sociais e ambientais

A contratación efectuada dende as administracións públicas non só ten que buscar os obxectivos inmediatos de obter a mellor oferta. Unha visión máis a longo prazo aconsella facer un uso estratéxico deste recurso para fomentar e estender determinadas boas prácticas no tecido empresarial.

As empresas que contraten coa Xunta de Galicia e o seu sector público non só deben ser as mellores no concreto proxecto que se lles require, senón que debe esixírselles tamén un plus de compromiso coa sociedade e co medio ambiente da nosa terra. Así, a Lei 14/2013, do 27 de decembro, de racionalización do sector público autonómico deu rango legal a estas esixencias no seu artigo 25.

Para darlle aplicación práctica aos mandatos deste artigo, cómpre elaborar unha Guía de cláusulas sociais e ambientais na contratación pública que inclúa medidas, orientacións prácticas e exemplos para introducir previsións neste eido tanto nas cláusulas administrativas coma nas prescricións técnicas dos contratos.

En particular, dotarase de instrumentos aos órganos de contratación para poderen introducir criterios referidos ao impacto social, ambiental ou de xénero tanto entre os criterios de adxudicación como entre as condicións de execución, así como entre os criterios que permitirán considerar unha oferta anormalmente baixa ou desproporcionada.

Ademais, incluíranse previsións para que as empresas contratadas deban asumir o compromiso de manter aos seus traballadores ao corrente das súas obrigas sociais e laborais, tanto en materia de pagamento de salarios como de cotizacións, permisos, negociación colectiva, etc...

O obxectivo é asegurar o exercicio polos contratistas de boas prácticas nos eidos social, laboral, ambiental e da igualdade de xénero e favorecer, polo tanto, na contratación pública a aquelas empresas que salienten pola súa excelencia na xestión destes aspectos.

**Órgano executor:** Asesoría Xurídica Xeral

**Órganos colaboradores:** Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, Secretaría Xeral de Política Social, Secretaría Xeral de Igualdade

**Prazo:** 6 meses

### **Medida 4.3. Implantación e control da reserva de contratos a centros especiais de emprego e empresas de inserción sociolaboral**

A contratación efectuada pola Xunta de Galicia e polo seu sector público debe adquirir tamén un compromiso especial coa inserción laboral das persoas con discapacidade.

Nese sentido, o artigo 26 da Lei 14/2013, do 27 de decembro, de racionalización do sector público autonómico obriga a reservar, por cada entidade, un límite mínimo do 3% e máximo do 5% do importe dos contratos adxudicados no exercicio orzamentario inmediatamente anterior mediante contratos menores ou procedementos negociados por razón da contía, ás entidades que desenvolven estes proxectos de inserción laboral. Asemade, a lei identifica aquelas materiais susceptibles de reserva e os tipos de contratos sobre os que se efectuará.

Para dar cumprimento eficaz ao disposto nesta Lei, o departamento competente en materia de benestar impulsará dúas medidas:

- Elevará ao Consello da Xunta o primeiro acordo de reserva de contratos (o correspondente aos Orzamentos de 2015)
- Constituirá a Comisión de Seguimento descrita no apartado 8 do devandito artigo da Lei 14/2013, para poder comezar a valorar a implantación da reserva de contratos.

**Órgano executor:** Consellería de Traballo e Benestar

**Prazo:** 6 meses

## **e) Eixo 5: Transparencia e boas prácticas**

Polo volume de recursos económicos que move, a contratación pública é unha das actividades administrativas que esixe un maior control e supervisión. Por iso, nestes últimos anos, o goberno galego ten tomado medidas para reforzar a transparencia e as boas prácticas na contratación pública.

A posta en marcha da Plataforma de Contratos Públicos de Galicia ten permitido o acceso da cidadanía a toda a información dos procedementos contractuais, dende o número de licitadores participantes, ata a modalidade de cada contrato, pasando pola composición das mesas de contratación. A redución, a través da Lei 14/2013, do 27 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, dos importes baixo os que se permite a adjudicación directa ten suposto tamén unha maior esixencia de transparencia e boas prácticas.

Por outra banda, dende a súa creación en 2011, a Axencia Galega de Infraestruturas ten como un dos seus principais obxectivos (así expresado nos seus contratos de xestión) o control dos modificados nos contratos de obra pública. Froito dese maior control, téñense reducido de forma substancial os sobrecustos derivados deses modificados na tramitación de contratos de obra.

O goberno galego ten en marcha diversos proxectos que terán como un dos seus efectos o de redundar tamén na maior esixencia de transparencia e boas prácticas. Así, o anteprojecto de Lei de garantía da calidade dos servizos e da boa administración recolle importantes esixencias de boas prácticas aos adjudicatarios de contratos de servizo. O Código Ético Institucional vinculará tamén a todas ás empresas contratistas da Xunta de Galicia á asunción dunha serie de compromisos de integridade. E a futura modificación da Lei de Transparencia galega para adaptala ao novo marco estatal contemplará tamén unha extensión das obrigas de transparencia impostas para os procedementos de contratación.

Pero, ademais deses proxectos transversais, o Eixo 5 deste plan recolle medidas específicas que pretenden impulsar a transparencia, a avaliación de resultados, a estandarización de procedementos e a adopción de boas prácticas no eido da contratación pública.

**Medida 5.1. Sistema de avaliación do seguimento das guías**

**Medida 5.2. Elaboración de modelos de pregos**

**Medida 5.3. Instrucións para as boas prácticas na contratación de servizos**

**Medida 5.4. Novo Decreto do Rexistro de Contratos**

## Medida 5.1. Sistema de avaliación do seguimento das guías

Para asegurar a posta en práctica das recomendacións recollidas nas guías mencionadas nas medidas 2.2, 4.1 e 4.2, e, en consecuencia, dos principios recollidos na Lei 14/2013 de racionalización do sector público autonómico e no presente Plan de Mellora da Contratación Pública, faise necesario deseñar un mecanismo de seguimento da aplicación efectiva do contido das devanditas guías.

Para elo, as guías identificarán os obxectivos estratéxicos e os requisitos operativos que se queren asegurar nos procedementos e expedientes de contratación, así como os indicadores de avaliación do cumprimento dos mesmos.

Así, os órganos de contratación deberán cubrir, por cada expediente de contratación, un listado de verificación do cumprimento dos requisitos incluídos nas tres guías.

Paralelamente, e aos efectos de asegurar a mellora continua das ditas guías, establecerase un sistema de medición da satisfacción dos propios xestores de contratación a través dun cuestionario que permitirá identificar a posibilidade de mellorar os requisitos contidos nas guías.

A Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa impulsará a elaboración e implantación dun sistema de información de seguimento conxuntamente con centros directivos da Administración autonómica máis directamente implicados no Plan de Mellora da Contratación, elaborará os listados e cuestionarios a cumprimentar e efectuará unha avaliación sobre mostraxe de expedientes ou trámites de contratación xestionados por unha mostra aleatoria de departamentos ou entes do sector público.

En función dos resultados de ambos procesos, a Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa elaborará un informe de periodicidade anual sobre os resultados destas avaliacións, identificando o nivel de cumprimento das guías nas diferentes unidades e proporcionando, a través do recollido nos cuestionarios, propostas de mellora das guías que poidan levar á súa actualización e revisión. asegurando un ciclo de mellora continua das mesmas.

**Órgano executor:** Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa

**Órganos colaboradores:** Asesoría Xurídica Xeral, Xunta Consultiva de Contratación Administrativa e Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

**Prazo:** 6 meses

## Medida 5.2. Elaboración de modelos de pregos

Os obxectivos de estandarización e axilización dos procedementos de contratación, de xeneralización da incorporación neles das novidades legais, así como a maximización da seguridade xurídica veríanse extraordinariamente potenciados co establecemento duns modelos únicos de pregos de cláusulas administrativas para todo o sector público autonómico.

A homologación dos pregos facilitaría enormemente o traballo do persoal da asesoría xurídica e da intervención, que poderán centrarse nos aspectos específicos do prego, tendo asegurada a validez xurídica da matriz, o que axilizará considerablemente o proceso de comprobación do expediente.

Do mesmo xeito, estes modelos de pregos, previamente avaliados polos órganos controladores e pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, permitirán unha maior seguridade xurídica e unha maior homologación dos expedientes de contratación do sector público autonómico.

Finalmente, de conformidade cos principios recollidos na lexislación de contratos do sector público (liberdade de acceso, publicidade, concorrencia, transparencia...) é preciso que os órganos de contratación da Xunta de Galicia impulsen dinámicas de coordinación, converxencia e homologación terminolóxica, documental e de criterios, de xeito que os axentes económicos –calquera que sexa o ámbito material dos procedementos de contratación no que mostren interese– teñan un acceso máis sinxelo e coherente á información.

A través da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa estes modelos de pregos serán postos a disposición de todos os órganos de contratación do sector público galego que, de conformidade co disposto no artigo 115.4 do TRLCSP, poderán aprobalos para determinadas categorías de contratos de natureza análoga.

**Órgano executor:** Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, AA.PP. e Xustiza

**Órganos colaboradores:** Secretarías Xerais Técnicas das diferentes Consellerías, Asesoría Xurídica Xeral, Intervención Xeral, Xunta Consultiva de Contratación Administrativa e Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

**Prazo:** 1 ano



### **Medida 5.3. Instrucións para as boas prácticas na contratación de servizos**

A adopción de boas prácticas na contratación de determinados servizos ten sido unha liña de traballo constante da Xunta de Galicia nos últimos anos.

Durante este tempo, tanto a Comisión de estudo das asistencias técnicas creada en 2009 como a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa teñen elaborado completos documentos coa determinación de cláusulas modelo e recomendacións na execución dos contratos que evitasen o risco de incursión en supostos de laboralidade ou de cesión ilegal de traballadores, situacións que resultan gravemente lesivas para a planificación de recursos humanos da Xunta de Galicia e do seu sector público e para os dereitos dos traballadores e traballadoras.

Tanto a devandita comisión como a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa achegaron propostas de cláusulas modelo a incluír neste tipo de contratos por medio das especificacións axeitadas e das obrigas debidas ao contratista.

Estas cláusulas modelo teñen como finalidade que nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas se determinen, coa maior precisión posible, as prestacións a realizar, a relación entre os xestores da administración e o persoal da empresa, e o estricto cumprimento do prazo de duración e as súas prórrogas co fin de evitar o risco de que se consolide como persoal do organismo contratante o procedente desas empresas.

Aproveitando o traballo feito por estes órganos, os modelos de pregos aos que se refire a medida 5.2., incluírán as cláusulas modelo elaboradas pola Comisión de estudo das asistencias técnicas e pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa coa finalidade de evitar o risco de incursión en supostos de laboralidade ou de cesión ilegal de traballadores. Pola súa banda, faise conveniente reformular a Comisión de estudo de asistencias técnicas, creando no seu lugar un consello asesor coa función de avaliar cada un dos pregos de contratos de servizos, certificando a inclusión das cláusulas modelo.

**Órgano executor:** Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, AAPP e Xustiza e Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda

**Órgano colaborador:** Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

**Prazo:** 1 ano

## Medida 5.4. Novo decreto regulador do Rexistro de Contratos

A actualización da normativa contractual galega, proceso que comezou co Decreto 3/2010 e coa Lei 14/2013 referidas nos antecedentes, debe completarse coa renovación total dos outros textos reguladores en vigor.

Nese senso, faise necesario elaborar un novo Decreto regulador do Rexistro de Contratos da Comunidade Autónoma de Galicia que substitúa ao vixente, de 1995. Esta renovación pivotará sobre tres eixos:

- A inclusión dos medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xestión do Rexistro de Contratos como ferramentas de racionalización e de transparencia, a efectos de facilitar o exercicio do dereito de acceso á información pública que dos datos contidos no Rexistro poida derivarse.
- A extensión do ámbito de aplicación do decreto a todo o sector público autonómico, tal e como foi definido na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- A incorporación de obrigas de publicidade dos contidos do Rexistro, a efectos de incrementar a transparencia dos procedementos contractuais galegos.

O obxectivo desta nova normativa será incrementar os contidos e a utilidade da información almacenada neste Rexistro. A vinculación do Rexistro coa aplicación xestora do sistema contable da Xunta permitirá a inclusión en tempo real de todos os datos e a ampliación do ámbito de aplicación levará aparellada a obtención dun maior volume de información contractual.

A devandita información, contida sempre en soporte informático, facilitará a súa análise e a obtención de datos estatísticos sobre a actividade contractual do conxunto do sector público autonómico de Galicia. Asemade, fará posible ofrecer á cidadanía dun xeito sinxelo toda a información sobre contratos esixida pola normativa en materia de transparencia.

**Órgano executor:** Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Facenda

**Órgano colaborador:** Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

**Prazo:** 6 meses